

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE XUÑO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Oza Cesuras de varios treitos antigos da estrada AC-840, xunto co seu dominio público viario.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lalín do treito inicial da estrada PO-533, situado entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+240, xunto co seu dominio público viario.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado e construción dos treitos comúns no Camiño de Inverno, de clave 2025/015.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria da I Edición dos premios de sostibilidade ambiental para empresas adheridas ao Sistema de xestión e auditoría ambiental.
- Acordo polo que se toma razón do trazado do Camiño do Litoral e da adxudicación da súa sinalética.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Fundación Empresa-Universidade Galega para instrumentar as axudas ao persoal investigador do proxecto Cofund – Talentgal destinado nos centros de investigación de excelencia universitarios (Rede CIGUS), cofinanciado con fondos do programa de investigación e innovación Horizonte Europa da Unión Europea no marco das accións Marie Skłodowska-Curie, baixo o acordo de subvención N° 101261801, por un importe total de nove millóns douscentos vinte mil catrocentos euros (9.220.400,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao establecido nas normas de subvencións de Galicia, na Orde de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade. Importe total: trinta e cinco millóns cincocentos cinco mil dez euros cun céntimo (35.505.010,01 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad, para o mantemento dunha casa de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, no exercicio 2026. Importe: douscentos dez mil euros (210.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación pola Igualdade das Mulleres da provincia de Pontevedra (FEMUPO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2026. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación provincial de Mulleres Rurais de Ourense (FEMURO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2026. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR GALICIA), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2026. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Mulleres do Rural da provincia de Lugo (AFAMMER LUGO), para o desenvolvemento de actuacións en execución do Plan Corresponsables 2026. Importe: oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e o Concello do Porriño para o financiamento das obras de acondicionamento da antiga escola infantil para centro de día para persoas maiores no Concello do Porriño. Importe total: cento cincuenta mil euros (150.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite no pagamento anticipado e a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas á transformación dixital das pemes, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026 e 2027 en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante un acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do material necesario para configurar o sistema de cables estruturado en centros da Rede corporativa da Xunta de Galicia, por un valor estimado de dez millóns trescentos sesenta e cinco mil oitocentos noventa e sete euros con cinco céntimos (10.365.897,05€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A. á licitación das obras de construción dun edificio de 58 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais comerciais na parcela 14 do sector PP-1-R do Bertón, Concello de Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dez millóns cento cincuenta e sete mil seiscentos noventa e un euros con trinta e seis céntimos (10.157.691,36 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do concerto entre as universidades públicas que conforman o Sistema universitario de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo) e o Servizo Galego de Saúde, para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria, por un importe total de vinte e un millóns cincocentos sesenta e cinco mil oitenta e dous euros con vinte e catro céntimos (21.565.082,24 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as dióceses da Comunidade Autónoma de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica no ano 2026, por importe de seiscentos mil euros (600.000,00€) e se autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta que se prevén no referido convenio.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Agrupación de mariscadoras Río Anllóns para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de sesenta mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta céntimos (60.254,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría "Santiago Apóstol" de Barallobre para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe dun millón trescentos trinta mil cento oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (1.330.185,76 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo do Carril para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de cen mil catrocentos dezasete euros con trinta e seis céntimos (100.417,36 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores San Martín de Moaña para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de cento trinta e tres mil seiscentos setenta e nove euros con oitenta céntimos (133.679,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a identificación e marcación selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais, por un importe total de trescentos dez mil setenta e catro euros con trinta e un céntimos (310.074,31 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a nova fase de mellora da rede de saneamento da ría de Pontevedra tras a modernización da EDAR de Praceres e do emisario submarino.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe do balance sobre a implantación en Galicia da Lei 3/2024, do 30 de outubro, para mellorar a calidade de vida de persoas con esclerose lateral amiotrófica e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe relativo aos centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de trazado "Acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo", de clave OU/24/031.10, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de quince millóns douscentos vinte e cinco mil novecentos vinte e sete euros con vinte e un céntimos (15.225.927,21 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a próxima licitación pública para a redacción do proxecto construtivo: "Variante leste de Viveiro", cun orzamento de trescentos noventa e un mil oitocentos trinta e un euros con vinte e cinco céntimos (391.831,25 €).
- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: "Fomento da mobilidade sostible, itinerario peonil e ciclista na PO-551 (Concello de Bueu)", de clave PO/25/089.06.1, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos oito mil seiscentos setenta e dous euros con cincuenta e un céntimos (808.672,51 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as liñas de axuda á contratación de persoas mozas e de apoio a persoas con discapacidade para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria anual do Plan de formación ao agro galego 2026.
- Informe sobre a prevención de perdas na produción e a loita contra o desperdicio alimentario.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os 25 anos de investigación e innovación mariña do Cetmar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE OZA CESURAS DE 13 TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA AC-840

- Trátase do treito antigo de 138 metros lineais situado no punto quilométrico 1+250 (marxe dereita), e do treito antigo de 125 m situado no quilómetro 1+800 (marxe esquerda)
- O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*
- Correspóndelle ao Concello coruñés, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Oza Cesuras de varios treitos antigos da estrada AC-840, xunto co seu dominio público viario.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia dun total de 13 treitos antigos da estrada AC-840, cuxa función principal na actualidade é dar servizo aos predios lindeiros.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Oza Cesuras tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Oza Cesuras ten a competencia para actuar nestes treitos antigos da citada AC-840 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos antigos da vía autonómica obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE LALÍN DO TREITO INICIAL DA PO-533, DESDE O SEU INICIO ATA A GLORIETA COA ROLDA LESTE

- Trátase dun treito de 257 metros de lonxitude desta vía autonómica, xunto co seu dominio público viario
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lalín do treito inicial de 257 metros de lonxitude da estrada PO-533, entre o punto quilométrico 0+000 e. 0+240, xunto co seu dominio público viario.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Lalín tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Lalín ten a competencia para actuar neste treito da estrada autonómica e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito que se transfire:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[A actuación enmárcase no plan do Goberno galego para mellorar a experiencia dos peregrinos con vistas ao Xacobeo 2027](#)

A XUNTA APROBA O PROXECTO DEFINITIVO PARA MELLORAR A SEGURIDADE DO CAMIÑO DE INVERNO QUE SUMARÁ 13 NOVAS SENDAS PEONÍS

- O proxecto final inclúe as alegacións feitas no proceso de tramitación pública, que afectan un dos treitos ao seu paso polo Barco de Valdeorras
- A actuación intégrase no plan de seguridade viaria do Camiño de Santiago que prevé accións de mellora en 150 km das nove rutas xacobeas cun investimento de 40M€

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión deste luns o proxecto definitivo de trazado e construción dos treitos comúns no Camiño de Inverno. Esta actuación enmárcase nos esforzos do Goberno galego pola mellora funcional, estética e de seguridade viaria do Camiño de Santiago, co horizonte do próximo Xacobeo 2027.

O proxecto inclúe a execución de 13 novas sendas peonís segregadas distribuídas ao longo do Camiño de Inverno, adaptadas ás condicións topográficas, paisaxísticas e funcionais de cada ámbito. Mediante as obras actuarase en distintos treitos en que a ruta xacobeas coincide coa rede viaria, de tal modo que se facilitará un tránsito seguro, ao evitar o tráfico rodado, e se favorecerá a mobilidade sostible, a accesibilidade e a calidade ambiental, integrando o trazado na paisaxe.

En concreto, estas sendas peonís coinciden con estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal, localizadas nos concellos de Carballeda de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, A Rúa, Quiroga, Monforte de Lemos, Chantada, Rodeiro e Lalín.

O plan previsto foi levemente modificado tras a súa publicación inicial, posto que durante o período de información pública remitíronse a Turismo de Galicia alegacións que se analizaron e ás cales se lles deu resposta no correspondente informe.

De resultas, modificáronse respecto do proxecto inicial varios puntos quilométricos dun treito afectado, situado no concello do Barco de Valdeorras. Este foi, pois, o trazado que se levou ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.

No marco do plan de mellora da seguridade viaria do Camiño de Santiago, a Xunta de Galicia prevé actuacións en máis de 150 quilómetros das nove rutas xacobeas, co obxectivo de garantir a seguridade nas zonas críticas de circulación. Para isto, está previsto un investimento de ata 40M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA UNS PREMIOS DE SOSTIBILIDADE EMPRESARIAL PARA RECOÑECER E IMPULSAR O COMPROMISO AMBIENTAL E AS BOAS PRÁCTICAS DAS ENTIDADES GALEGAS

- O Consello toma razón da convocatoria destes galardóns que están dirixidos ás máis de 100 entidades públicas e privadas adheridas ao Sistema Comunitario de Xestión de Auditoría Medioambientais (EMAS)
- O obxectivo é visibilizar o esforzo das entidades galegas coa mellora continua, a transparencia, a prevención de impactos e a rendición de contas na súa xestión ambiental, reforzando así os valores asociados á marca Galicia Calidade como referente de excelencia, compromiso, e competitividade responsable
- Estes recoñecementos, cuxa convocatoria se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*, estrutúranse en tres categorías en función do tamaño das organizacións e do seu número de traballadores: pequenas, medianas e grandes
- Tamén poderán outorgarse dous recoñecementos adicionais para, por unha banda, premiar as entidades con 20 ou máis anos de traxectoria ambiental e, por outra, poñer en valor actuacións concretas que destaquen pola súa efectividade

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da creación dos Premios de sostibilidade empresarial de Galicia para recoñecer e impulsar a mellora ambiental continua, a transparencia e a aplicación de boas prácticas por parte das entidades galegas neste eido, reforzando así os valores asociados á marca Galicia Calidade como referente de excelencia, compromiso e competitividade responsable.

Esta iniciativa da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático está dirixida ás entidades públicas e privadas adheridas ao Sistema Comunitario de Xestión de Auditoría Medioambientais (EMAS, nas súas siglas en inglés), que é un instrumento voluntario da Unión Europea orientado a promover a mellora continua do comportamento ambiental das organizacións, a avaliación periódica e obxectiva da súa actuación, a transparencia da información ambiental e a participación activa do seu persoal nesta materia.

Na actualidade Galicia conta con máis de 100 entidades adheridas ao Sistema EMAS, o que constitúe unha mostra do compromiso do tecido produtivo coa protección do medio ambiente, a prevención de impactos, a eficiencia no uso dos recursos, a innovación ambiental e a integración da sostibilidade nos modelos de xestión.

Nesa liña, e no marco dun contexto en que a sostibilidade empresarial resulta clave para avanzar cara a unha economía máis competitiva, responsable e resiliente, a Xunta crea estes recoñecementos públicos para visibilizar o esforzo das entidades galegas coa mellora continua, a transparencia, a prevención de impactos e a rendición de contas na súa xestión ambiental. Así mesmo, o obxectivo é dar a coñecer o valor engadido do sistema EMAS a outras organizacións e que consideren a súa adhesión como ferramenta de mellora ambiental, transparencia e competitividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis polo miúdo, á primeira convocatoria destes galardóns, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días, poderán presentarse aquelas entidades públicas ou privadas que estean inscritas no Rexistro galego de centros adheridos ao Sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais cunha antigüidade mínima ininterrompida de tres anos e que estean ao día na presentación das correspondentes declaracións ambientais. Unha vez publicada a convocatoria, as entidades interesadas terán un mes de prazo para presentar as súas candidaturas. As premiadas recibirán un recoñecemento público, así como un distintivo acreditativo, de carácter honorífico.

Categorías dos premios

Estes premios estrutúranse en tres categorías principais, segundo o tamaño da entidade: unha vai dirixida a entidades con menos de 50 persoas traballadoras, outra a aquelas que empreguen a entre 50 e 249 persoas e unha terceira dirixida ás grandes organizacións que contan con 250 ou máis empregados.

Os criterios de valoración destas categorías terán en conta aspectos como o liderado de a estratexia ambiental, os resultados ambientais, a innovación, a participación do persoal, a cadea de valor, a transparencia, a excelencia do sistema EMAS, a contribución ao territorio e á sociedade, así como a mellora continua.

A maiores, o xurado poderá outorgar dous recoñecementos adicionais: un, á traxectoria ambiental e outro, á mellor iniciativa. No primeiro caso, búscase recoñecer organizacións rexistradas neste Sistema de forma ininterrompida durante 20 ou máis anos e que acrediten unha evolución positiva do seu desempeño ambiental.

Así, este recoñecemento permitirá poñer en valor aquelas entidades que ao longo do tempo implantaron melloras significativas; reduciron consumos, emisións ou residuos; melloraron os seus procesos produtivos; incorporaron tecnoloxías máis limpas; promoveron a formación e sensibilización do seu persoal, e mantiveron unha comunicación ambiental transparente.

En canto ao premio á mellor iniciativa, trátase dun galardón orientado a distinguir actuacións concretas que destaquen pola súa contribución efectiva á mellora ambiental, á prevención de impactos e ao avance cara a modelos de xestión máis sostibles. Neste ámbito poderán recoñecerse, por exemplo, campañas de sensibilización ambiental, proxectos de economía circular, investimentos en I+D+i ambiental, desenvolvemento de novos produtos ou servizos sostibles ou implantación de solucións innovadoras.

Nestes dous recoñecementos adicionais, o xurado valorará a permanencia prolongada e coherente no sistema EMAS, a evolución verificable dos indicadores ambientais, a integración da xestión ambiental na estratexia empresarial, a capacidade de ser referente para outras organizacións e o carácter innovador, medible, transparente e replicable das iniciativas presentadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRABALLOS PARA A SINALIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DO LITORAL CO FIN DE QUE ESTA RUTA COSTEIRA SE POIDA PERCORRER ESTE VERÁN

- O Goberno galego destinará este ano 1,4 M€ a identificar de forma uniforme e recoñecible o itinerario, executar obras para reforzar a accesibilidade e a seguridade ao longo de todo o percorrido e desenvolver unha aplicación móbil para os usuarios
- Os sinais, cuxa instalación se completará no prazo máximo de dous meses, serán elaborados con materiais reciclados e respectuosos co ambiente e o seu deseño está concibido para resistir as condicións ambientais do litoral galego
- Nos últimos días xa comezaron a executarse as actuacións puntuais necesarias para garantir que todos os tramos sexan transitables a través de labores de limpeza e roza, mellora da drenaxe dos camiños, adecuación de firmes e outras obras similares
- En xullo estará operativa a aplicación móbil gratuíta que incluírá información sobre todas as etapas do itinerario, os elementos relevantes recollidos no Catálogo de bens de valor cultural no litoral e outros datos de interese
- O Consello tamén coñeceu o trazado definitivo da ruta, máis de 1.300 km divididos en 52 etapas desde Ribadeo ata A Guarda que se completarán con dúas variantes fluviais que amplían a experiencia do percorrido litoral ata os treitos finais dos ríos Ulla e Miño

A Xunta de Galicia acaba de iniciar os traballos relacionados coa sinalización do trazado así como os labores de acondicionamento, mellora e roza sobre o terreo que garantirán a accesibilidade do futuro Camiño do litoral de Galicia, unha ruta sen precedentes que vertebrará de norte a sur a costa máis extensa de todo o país a través dun percorrido de máis de 1.300 quilómetros e que se poderá facer tanto a pé como en bicicleta.

O Consello tomou razón esta mañá do comezo das actuacións deseñadas pola Xunta para que a nova ruta peonil pola costa se poida empezar a desfrutar este mesmo verán. En total, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático destinará 1,4 millóns de euros á subministración e instalación dos sinais deseñados para identificar as diferentes etapas do trazado (cun orzamento asignado de 200.000 euros); á execución de diferentes tipos de actuacións sobre o terreo que garantan un trazado continuo, transitable e seguro (cunha partida de 1,1 millóns de euros); e ao desenvolvemento dunha aplicación móbil con información de interese sobre o Camiño do litoral (100.000 euros).

Tras a recente adxudicación do contrato de sinalización, estes días xa comezaron os traballos de execución material dos elementos deseñados para dotar a ruta dunha imaxe uniforme e facilmente recoñecible. Construídos con materiais reciclados e respectuosos co ambiente e cun deseño concibido para resistir as condicións ambientais do litoral galego, a previsión é que todos os sinais estean colocados no itinerario no prazo máximo de dous meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, e aínda que o 90 % do trazado discorre por rutas ou camiños consolidados, pistas asfaltadas, zonas urbanas en bo estado ou outras tipoloxías de infraestruturas xa existentes que non requirirán intervencións significativas, o 10 % restante necesitará actuacións puntuais para garantir que sexan transitables e a continuidade da propia ruta.

Os traballos previstos nestes tramos previamente identificados, que acaban de comezar estes días, consistirán en labores de limpeza e roza, mellora da drenaxe dos camiños, adecuación de firmes e outras obras similares, en función das necesidades de cada lugar.

Ademais, tamén se procederá á apertura puntual de novos tramos para asegurar a continuidade do percorrido e evitar aqueles que poidan comprometer a seguridade dos usuarios ou fagan menos funcional o percorrido. A previsión é que este ano 2026 se executen actuacións no itinerario do Camiño do litoral por importe de 1,1 millóns de euros.

Por último, estes traballos veranse complementados cunha aplicación móbil específica (en versión para iOS e Android) que incluírá todas as etapas do itinerario, información sobre os elementos relevantes recollidos no Catálogo de bens de valor cultural no litoral e outros datos de interese sobre o patrimonio natural característico da contorna co obxectivo de ofrecer aos usuarios unha ferramenta integral de consulta e apoio. Esta nova App gratuíta estará lista e operativa no mes de xullo.

O Consello tamén foi informado do trazado definitivo da Camiño do litoral, con máis de 1.300 km de lonxitude e dividido en 52 etapas que conectarán 78 concellos costeiros mantendo durante boa parte do itinerario o contacto visual co mar. Este trazado principal, desde Ribadeo ata A Guarda completárase con dúas variantes fluviais que ampliarán a experiencia do percorrido litoral ata os treitos finais dos ríos Ulla e Miño.

A información relativa ás distintas etapas en que se estrutura o trazado (punto de partida e punto final, concellos polos que discorren e quilómetros) está xa dispoñible para consulta nos portais web [galicialitoral](#) e [caminodolitoral](#).

Actuación estratéxica da Lei do litoral

O Camiño do litoral de Galicia pretende enlazar espazos de elevado valor paisaxístico con núcleos habitados, funcionando como un corredor territorial continuo que mantén a maior parte do tempo unha relación visual directa co mar.

O fin último é amosar que o litoral galego está vivo e conxuga esa protección do patrimonio cultural e ambiental coa actividade económica e social, un dos piares básicos da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que regula o exercicio pleno das competencias sobre a costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, na propia norma recóllese como actuación estratéxica o impulso da creación dunha rede de sendas ao longo dos espazos terrestres do litoral co obxectivo de poñer en valor a riqueza natural, cultural, etnográfica e arquitectónica dos seus 2.555 quilómetros de costa mediante a unificación de sendas litorais xa existentes e tramos diferenciados con características paisaxísticas, morfolóxicas e patrimoniais propias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 9 M€ ÁS UNIVERSIDADES E A FEUGA PARA ATRAER 40 INVESTIGADORES DE ALTO NIVEL CO NOVO PROGRAMA TALENTGAL

- Trátase dunha nova iniciativa estratéxica de captación de talento para os dez centros de investigación de excelencia que conforman a Rede CIGUS
- O Goberno galego destinará máis de 8 M€ ás tres universidades para a contratación dos científicos posdoutorais seleccionados e 1,2 M€ a Feuga para formación e xestión
- Os interesados en desenvolver a súa carreira en Galicia poden presentar solicitudes ata o 23 de xullo nesta primeira convocatoria e a segunda abrirase en 2027

A Xunta achegará máis de 9 M€ ás universidades galegas e á Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) para a contratación de 40 investigadores internacionais de alto nivel co novo programa de captación de talento Talentgal. O Consello da Xunta vén de dar o seu visto e prace ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a Universidade de Santiago (USC), a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Vigo (UVigo) e Feuga para a chegada de científicos posdoutorais que aposten por desenvolver a súa carreira na Rede CIGUS, que agrupa os centros de investigación que procuran a excelencia no ámbito da nosa I+G+i.

Mediante un convenio de colaboración, a Xunta comprométese a asumir o gasto realizado polas universidades na contratación dos científicos seleccionados no programa Talentgal, destinando 8.020.000€ para este fin. En canto a Feuga, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e FP financiará o gasto da xestión e seguimento dos investigadores posdoutorais, así como a organización das actividades formativas e asistenciais do programa Talentgal, cunha achega de 1.200.400€.

O programa ten unha duración prevista de cinco anos e prevese contratar 40 investigadores posdoutorais en dúas convocatorias abertas, transparentes e anunciadas internacionalmente. De feito, a primeira delas, para a captación de 20 investigadores, xa está aberta. A segunda prevese para o exercicio 2027. Os contratos dos científicos terán unha duración de 30 meses, permitíndolles levar a cabo investigación independente de alto impacto nun dos 10 centros de investigación de excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS. Os novos profesionais que se incorporen poderán centrar os seus traballos en áreas clave para Galicia como biotecnoloxía, medicina, química, nanomateriais, TIC, enxeñería ambiental ou ciencias mariñas e físicas, entre outras.

A colaboración interdisciplinaria, intersectorial e internacional constitúe a base do programa Talentgal. Ademais da formación científica avanzada que adquirirán os profesionais seleccionados mediante a investigación que realicen, os investigadores participantes realizarán estancias obrigatorias, de un a tres meses, en institucións académicas, organizacións empresariais e administracións públicas e recibirán

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formación complementaria en competencias transversais e apoio e acompañamento personalizados.

A captación, a formación e a retención de talento é un obxectivo estratéxico establecido no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027. Por iso, traballa para dotar o sistema galego de I+D+i de científicos do máis alto nivel e capacitación para consolidar o destacado labor en ciencia que xa se leva a cabo no noso sistema, procurando a Galicia Calidade no eido científico. Así, a Consellería promove a captación de talento, incentivando e apoiando a presentación aos programas máis competitivos sen que isto supoña carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos.

Talentgal é unha iniciativa cofinanciada con fondos europeos grazas a que Galicia conseguiu financiamento no marco do prestixioso programa europeo Marie Skłodowska-Curie (MSCA) Cofund, un exemplo máis da aposta da Xunta pola atracción de investigadores de alto nivel. A principal característica dos programas Cofund é que deben garantir a excelencia científica, ademais de ofrecer ao persoal investigador contratado unha formación integral. Con Talentgal búscase reforzar a transferencia de coñecemento, fomentar a colaboración intersectorial e ampliar o impacto social e económico da investigación desenvolvida en Galicia.

Primeira convocatoria aberta

A primeira convocatoria de Talentgal xa está aberta: o prazo de presentación de solicitudes rematará o 23 de xullo e os investigadores interesados poderán enviar as súas candidaturas a través da [plataforma habilitada polo programa](#). Para este proceso de captación de investigadores de primeiro nivel noutros países, a Xunta está a desenvolver unha campaña de ámbito internacional a través de plataformas dixitais con presenza no ámbito do persoal investigador.

A Rede CIGUS está conformada por 10 centros de investigación das tres universidades galegas e conta con máis de 1.600 investigadores. Baixo esta marca, a Xunta financia, visibiliza e vertebra a investigación universitaria de excelencia. De feito, nos últimos cinco anos logrou captar máis de 221 M€ en proxectos competitivos, o que supón un notable retorno económico nunha rede á que a Xunta destinou case 68 M€.

Os centros CIGUS son cinco por parte da USC: o Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS), o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) e o Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS). Na UDC son o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) e por parte da UVigo suman tres: o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic), o Centro de Investigación Mariña (CIM) e o Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ CON MÁIS DE 35 M€ PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DE ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF

- O importe final destas axudas ascenderán previsiblemente a máis de 42 M€, un incremento de case o 20 % con respecto ao orzamento definitivo do ano anterior
- Estes fondos teñen o obxectivo de financiar accións de carácter social nos ámbitos da familia, a infancia e a dinamización demográfica; a inclusión social, a atención a persoas maiores e dependentes; a promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero
- Ademais, sufráganse proxectos de investimento para a mellora de centros, así como para a compra de equipamento ou de vehículos adaptados

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas para a realización de programas que atenden fins de carácter social por parte das entidades do terceiro sector. A convocatoria deste 2026 está dotada cun orzamento inicial de 35,5 millóns de euros, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e do imposto de sociedades. Prevese que unha vez que o Goberno central formalice a asignación da contía definitiva que lle corresponde a Galicia, o orzamento desta orde que xestiona a Consellería de Política Social e Igualdade suba este mesmo ano ata os 42,4 millóns de euros, un 19,5 % máis que o ano anterior.

Esta liña de achegas está dirixida a entidades que traballan no ámbito das políticas sociais e a igualdade. É dicir, que desenvolven actuacións destinadas ao apoio da familia e da infancia, así como á dinamización demográfica, á atención de persoas maiores e con discapacidade, á inclusión social, á promoción da igualdade entre mulleres e homes e á prevención da violencia de xénero e o apoio ás vítimas. A través destas axudas tamén se poden financiar investimentos en equipamentos, obras de adaptación e rehabilitación de centros e unidades de atención ou a adquisición de vehículos adaptados.

No que respecta ás axudas concedidas coas anteriores convocatorias, obsérvase un notable incremento. Concretamente, o ano pasado financiáronse 773 programas e proxectos impulsados por 167 entidades, o que supón 29 iniciativas e doce entidades máis que no 2024. Estas cifras supoñen continuar coa tendencia crecente iniciada desde a primeira convocatoria xestionada pola Xunta, que foi a do exercicio 2017 e na cal se financiaron 201 programas a 55 entidades.

Prazos

A previsión é que a nova convocatoria que esta mañá obtivo o visto e praxe do Consello se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este mes de xuño. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contado a partir do día seguinte da súa publicación. O pagamento das axudas efectuarase cun anticipo do 100 %, e a execución dos programas realizarase durante 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 210.000 EUROS Á CASA DE ACOLLIDA DE CHANTADA, UN 40 % MÁIS QUE O ANO PASADO

- O Consello autoriza a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Congregación Irmáns Mercedarias da Caridade, entidade que xestiona este recurso
- Nos últimos anos residiron neste centro 70 mulleres vítimas de violencia de xénero e 47 menores

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Congregación Irmáns Mercedarias da Caridade para o mantemento da casa de acollida de Chantada, que nos últimos anos aloxou 70 mulleres vítimas da violencia de xénero e 47 menores. O importe deste acordo é de 210.000 euros, un 40 % máis con respecto ao exercicio anterior, para dar resposta ao aumento do número de prazas dispoñibles no centro, que pasan de sete a dez.

A través deste convenio, procúrase mellorar na resposta que, desde as institucións, se proporciona ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Trátase de facilitarlles un espazo seguro e garantirlles unha atención integral para súa recuperación, que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos. O obxectivo é que estas mulleres superen os efectos negativos da violencia exercida sobre elas.

A casa de acollida de Chantada forma parte da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, que na actualidade conta con 84 prazas e está composta por sete recursos, entre casas de acollida, vivendas tuteladas e centros de emerxencia. Estes servizos están situados na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Chantada e Burela.

A Rede complétase co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), emprazado en Santiago de Compostela e que actúa como centro coordinador. En total, durante o ano 2025 os distintos recursos que forman parte do sistema autonómico de acollemento deron residencia e atención a 166 mulleres e 121 menores.

A Xunta subscribe a maiores, anualmente, tres convenios de colaboración con entidades de iniciativa social para o mantemento de vivendas de seguridade para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual. En Santiago e en Ourense, coa entidade Cáritas; e en Lugo, con Aliad-Ultreia. Durante o exercicio pasado foron usuarias deste dispositivo un total de 33 persoas (28 mulleres e 5 menores).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E AS FEDERACIÓNS DE MULLERES RURAIS PROMOVEN A FORMACIÓN E A ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA NO COIDADADO DE MENORES

- Destínanse 385.000 euros á realización de cursos para fomentar a inserción laboral en servizos como o de madrugadores e o de comedor dos centros educativos ou nos campamentos de concellos, Asociacións de Nais e Pais e entidades de iniciativa social
- Prevese que máis de 2.500 mulleres participen este ano nas máis de 250 accións formativas que se desenvolverán nas catro provincias

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as federacións provinciais de mulleres rurais para impulsar a formación e o emprego de calidade nos coidados a nenas e nenos. O importe destes acordos suma 385.000 euros, distribuídos da seguinte maneira: as federacións provincias de Ourense (Femuro) e de Pontevedra (Femupo), así como a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur-Galicia) recibirán 100.000 euros cada unha. Pola súa banda, o acordo de colaboración coa federación da provincia lucense (Afammer-Lugo) é por 85.000 euros

O obxectivo destes convenios é que as mulleres rurais, preferentemente maiores de 45 anos, poidan acceder a postos de traballo no sector dos coidados nenos e nenas. Para iso, ofértaselles a posibilidade de acceder a formación en competencias clave de cara a acreditar a súa experiencia no ámbito dos coidados.

De feito, este programa está especialmente pensado para que estas mulleres se empreguen en servizos que se desenvolven no marco do Plan Corresponsables, como o de madrugadores e de comedor dos colexios ou nos campamentos de concellos de Asociacións de Nais e Pais (Anpas) e entidades de iniciativa social financiados con estes fondos.

A previsión é que máis 2.500 mulleres participen ao longo deste ano nos máis de 250 cursos que as federacións desenvolverán nas catro provincias galegas a través destes convenios.

Estes acordos enmárcanse no Plan Corresponsables para o apoio ás familias, á conciliación e ao impulso da corresponsabilidade. O ano pasado e este, o Ministerio de Igualdade fixo un recorte de máis de 50 millóns de euros, o que supón que Galicia deixe de recibir por parte do Estado 2,3 millóns de euros por exercicio e que teña que cofinanciar o 25 % dos fondos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 150.000 EUROS AO CONCELLO DO PORRIÑO PARA ACONDICIONAR UNHA ANTIGA ESCOLA UNITARIA COMO CENTRO DE DÍA

A contratación e seguimento das obras correrá a cargo do ente municipal, que tamén será responsable da titularidade e xestión deste novo servizo

O Goberno galego financiará con 150.000 euros as obras de reforma dunha antiga escola unitaria na localidade do Porriño para albergar un centro de día para persoas maiores, cuxa xestión e titularidade dependerán da Administración local. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello porriñés para levar a cabo este proxecto, que ten un orzamento total de 431.600 euros.

A participación da Xunta límitase a sufragar unha parte do custo dos traballos, mentres que o Concello se encargará da súa adxudicación e supervisión. A intervención consistirá na rehabilitación e adecuación do inmovible que funcionou como escola unitaria, co fin de destinalo a servizo de atención diúrna.

Este novo centro de día estará situado na parroquia de Atios, no lugar do Covelo. A previsión é que as obras estean rematadas ao longo do vindeiro ano.

O Executivo autonómico enmarca esta actuación na tarefa de mantemento e reforzo dos servizos destinados ás persoas maiores, co obxectivo de achegarlles a atención e os coidados que necesitan nesta etapa das súas vidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 3 M€ Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS PEMES REFORZANDO O APOIO AOS NOVOS RETOS TECNOLÓXICOS

- A convocatoria incorpora actuacións de ciberseguridade, tecnoloxías vinculadas a criterios de sustentabilidade (ASG), solucións na nube e mellora da función loxística para responder aos novos desafíos empresariais
- As axudas reforzan o apoio a proxectos orientados á dixitalización de procesos, sistemas de xestión e relacións dixitais con clientes e provedores
- As empresas poderán recibir un anticipo automático do 80 % da subvención sen necesidade de constituír garantías
- Desde 2018, o programa apoiou 1.421 proxectos de autónomos e pemes con 28,55 millóns de euros en axudas que mobilizaron máis de 70 millóns de euros en investimentos

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a unha nova convocatoria de axudas para impulsar a transformación dixital das pemes galegas, que contará cun orzamento de 3 millóns de euros. A iniciativa, promovida pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, busca apoiar a implantación de solucións tecnolóxicas avanzadas que permitan ás empresas mellorar a súa competitividade, eficiencia e capacidade de adaptación a unha contorna económica cada vez máis dixitalizada.

A convocatoria de 2026 actualiza as liñas de apoio para dar resposta aos novos retos tecnolóxicos das empresas galegas, incorporando actuacións específicas en ámbitos como a ciberseguridade, as tecnoloxías vinculadas aos criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG), as solucións SaaS (Software as a Service) e a mellora da función loxística. Deste xeito, a Xunta adapta o programa ás necesidades actuais das pemes e reforza o apoio á incorporación de ferramentas dixitais que contribúan a mellorar a súa competitividade e capacidade de innovación.

Poderán beneficiarse destas axudas as pemes e autónomos con centro de traballo en Galicia. Os proxectos subvencionables inclúen actuacións de dixitalización e automatización de procesos, implantación de sistemas de xestión integral, desenvolvemento de interfaces e canles dixitais de relación con clientes e provedores, mellora da función loxística, proxectos de ciberseguridade ou solucións tecnolóxicas orientadas á medición e seguimento de indicadores ASG.

Entre as principais novidades desta edición figura a posibilidade de subvencionar, en réxime *de minimis*, licenzas temporais, subscricións e servizos en nube ou en modalidade SaaS, ampliando o alcance das axudas ás ferramentas dixitais máis empregadas actualmente polo tecido empresarial. Ademais, a resolución de concesión permitirá ás empresas beneficiarias recibir un anticipo automático do 80 % da subvención concedida,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sen necesidade de presentar unha solicitude específica nin de constituír garantías, facilitando así a execución dos investimentos previstos.

A nova convocatoria enmárcase na estratexia da Xunta para reforzar a competitividade do tecido produtivo galego a través da innovación e da dixitalización. Neste sentido, o programa contribúe aos obxectivos recollidos no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e complementa outras iniciativas impulsadas polo Goberno galego para favorecer a modernización empresarial e a incorporación de tecnoloxías avanzadas nos sectores estratéxicos da economía galega.

Desde a súa posta en marcha en 2018, o programa de axudas á transformación dixital consolidouse como unha das principais ferramentas de apoio á modernización empresarial en Galicia. Neste período apoiáronse 1.421 proxectos promovidos por autónomos e pemes galegas, cun volume de axudas de 28,55 millóns de euros que permitiu mobilizar máis de 70 millóns de euros en investimentos, contribuíndo a acelerar a incorporación de tecnoloxías avanzadas no tecido produtivo da Comunidade.

De maneira complementaria, a Xunta tamén impulsa desde 2018 a liña de obradoiros de dixitalización, destinada a fomentar a colaboración entre empresas para explorar novas solucións tecnolóxicas e oportunidades de cooperación. Ata o momento aprobáronse 194 obradoiros, subvencionados ao 100 %, cun investimento público de 3,4 millóns de euros, que teñen servido como xeradores de proxectos e iniciativas que posteriormente se incorporan aos programas de apoio á transformación dixital empresarial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 10 M€ A RENOVAR E MANTER A INFRAESTRUTURA DIXITAL QUE CONECTA TODOS OS SEUS SERVIDORES E DISPOSITIVOS TECNOLÓXICOS E DE COMUNICACIÓNS

- O Consello aprobou hoxe un acordo marco para contratar material que permita adaptar os cables ao incremento no uso das tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados nos 3.000 centros corporativos
- Os cables estruturados son o soporte físico da rede multiservizo da Xunta que integra voz, datos e vídeo e garanten o funcionamento de todos os servizos dixitais que presta a Administración autonómica
- A este acordo marco poderán adherirse entidades locais, universidades e o conxunto do sector público galego

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco para contratar o material necesario para configurar e manter a infraestrutura dixital que conecta todos os seus servidores e dispositivos tecnolóxicos e de comunicacións, cun investimento de ata 10.452.000 euros.

Esta actuación permitirá dar resposta ás necesidades de arredor dos 3.000 centros corporativos da Administración autonómica, en que o incremento do uso das tecnoloxías dixitais e do número de dispositivos conectados exige unha infraestrutura de comunicacións robusta, moderna e adaptable ás novas necesidades.

A Xunta dispón dunha rede multiservizo que integra voz, datos e vídeo, e sustenta o funcionamento dos servizos de administración dixital. Os cables estruturados é o soporte físico que permite o funcionamento das comunicacións e o intercambio de información.

O acordo marco facilitará a selección de provedores, a fixación de prezos e o establecemento das condicións que rexerán os contratos derivados para a subministración do material, permitindo así unha xestión máis áxil, eficiente e homoxénea das necesidades de infraestrutura tecnolóxica.

Ademais, este instrumento de contratación estará aberto á adhesión de entidades locais, universidades e do resto de entes, organismos e entidades do sector público. No anterior acordo marco tramitáronse 34 contratos derivados por parte de 10 entidades entre departamentos e organismos da Xunta, e outros entes e administracións públicas en preto de 2.500 centros, cun investimento total de máis de 7 millóns de euros.

Acordos marco para avanzar na transformación dixital

Desde 2021, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) convocou máis de 47 acordos marco cun importe acumulado de máis de 450 millóns de euros, en ámbitos como infraestruturas, plataformas tecnolóxicas, equipamentos ou ciberseguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dun instrumento de contratación pública que permite establecer previamente as condicións –como prezos, provedores e características dos servizos ou subministracións– para que a Administración poida realizar posteriormente contratos concretos de forma máis áxil.

Dos 47 acordos marco licitados por Amtega, 29 posibilitaban a adhesión a todos os departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ás entidades do sector público autonómico, así como ás entidades locais, ás universidades e aos restantes entes, organismos e entidades do sector público.

Esta fórmula facilita ás restantes administracións acceder a uns servizos tecnolóxicos moi cualificados sen necesidade de tramitar complexos procesos de licitación, para o cal moitas veces non contan cos medios necesarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR MÁIS DE 10,1 M€ AS OBRAS DE 58 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BERTÓN, EN FERROL

- O edificio construírse na parcela 14 do Bertón, de 1.935 m² de superficie, urbanizada pola Xunta
- A Xunta está a desenvolver neste momento 353 novas vivendas públicas no Bertón

O Goberno galego construír 58 vivendas de promoción pública na parcela 14 do Bertón, no concello de Ferrol

As obras para a construción do inmoble licitaranse por un importe de 10.157.691,36 euros, e seguirán o proxecto redactado por UTE Monteoliva-Fraga e Mantiñán_Bertón 2, adxudicado por 361.185 euros incluíndo a dirección de obra. Ao investimento hai que sumar o valor da parcelas en que se constrúen as vivendas, urbanizada pola Xunta de Galicia.

O proxecto ten por obxecto construción dun edificio de 58 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais comerciais na parcela 14 do sector PP-1-R do Bertón, Concello de Ferrol (A Coruña)

A parcela onde se situarán as vivendas de promoción pública (VPP) ten unha superficie aproximada de 1.935,00 metros cadrados.

En concreto, o novo edificio proxectado ocupará toda a superficie da parcela e consta dunha planta de soto destinada a garaxes, rochos e locais de instalacións; planta baixa dedicada a soportais de uso público; 6 portais de acceso e locais de instalacións; reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, rochos e 4 locais comerciais, e plantas altas para uso vivenda.

A diferente profundidade edificable ao longo do cuarteirón dá lugar a un edificio con dous bloques continuos diferenciados en altura (de 4 no bloque lineal orientado ao norte e 5 plantas no bloque en "U" que da ao sur, leste e oeste).

O bloque en "U" ten 2 portais con 12 vivendas en cada un dos extremos (portais 02 e 05) con vivendas de 1 (só no portal 05), 2 e 3 dormitorios (excepto na planta cuarta onde as de 3 dormitorios se adaptan para persoas con discapacidade e quedan con 2 dormitorios). O bloque en "U" ten outros 2 portais con 8 vivendas cada un na parte central (portais 01 e 06) en que todas as vivendas contan con 3 dormitorios. En total proxéctanse 2 vivendas para persoas con discapacidade.

O bloque "lineal" ten 2 portais (portais 03 e 04) con 9 vivendas cada un con vivendas de 1, 2 e 3 dormitorios. Xunto co anterior suman 58 vivendas en total.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con respecto á distribución e usos por plantas:

Planta soto: destinado a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupa toda a superficie parcela.

Planta baixa: destinada a soportais de uso público, 6 portais de acceso e locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, cuartos de limpeza, rochos e 4 locais comerciais.

Planta primeira, segunda e terceira: destinadas a 16 vivendas por cada planta (3 vivendas de 1 dormitorio, 5 vivendas de dous dormitorios e 8 vivendas de tres dormitorios en cada unha das plantas).

Planta cuarta: destinada a 10 vivendas (1 vivenda de un dormitorio, 5 vivendas de dous dormitorios e 4 vivendas de tres dormitorios).

N.º dormitorios	Número vivendas	Superficie mínima / máxima
1	10	50,79 / 54,11
2	18	67,01 / 77,84
2 adaptada	2	80,99
3	28	78,31 / 83,92
TOTAL	58	

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Ferrol a Xunta ten actualmente 353 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, todas elas en solo urbanizado pola Xunta de Galicia no Bertón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BLINDA A EXCELENCIA DA FORMACIÓN E A INVESTIGACIÓN SANITARIA CUN CONCERTO ÚNICO COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS NO QUE INVESTIRÁ 21,5 M€

- Alfonso Rueda explica que o novo modelo unificado, que estará vixente ata 2030, substitúe os acordos anuais e individualizados que o Servizo Galego de Saúde asinaba coas institucións do Sistema universitario galego
- O acordo regulará o emprego dos centros sanitarios para a docencia universitaria, o desenvolvemento conxunto de proxectos de investigación ou a vinculación directa das prazas asistenciais coas prazas docentes
- Ademais de modernizar a colaboración entre institucións, a medida “dá cumprimento ao convenio asinado o pasado mes de xaneiro para a descentralización do grao de Medicina”, indica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá un novo concerto único entre o Servizo Galego de Saúde e as tres universidades públicas de Galicia para a utilización das institucións sanitarias con finalidades docentes, asistenciais e de investigación. O Consello da Xunta deu esta mañá o seu visto e praxe ao acordo no que o Executivo galego investirá “21,5 millóns de euros co obxectivo de blindar a excelencia da formación e a investigación sanitaria en Galicia”.

Con este novo modelo unificado, a Xunta substitúe os acordos anuais e individualizados que o Servizo Galego de Saúde asinaba coas universidades de Santiago de Compostela (USC), A Coruña (UDC) e Vigo (UVigo) e que se viñan prorrogando de forma sucesiva desde o ano 2001.

Cun orzamento estimado de 5,3 millóns de euros ao ano, Rueda indicou que “o acordo estenderase ata o ano 2030”, definindo dun xeito integral a colaboración entre as institucións sanitarias e educativas.

Neste senso, o concerto único regula o emprego dos hospitais e dos centros de saúde para a docencia universitaria, o desenvolvemento conxunto de proxectos de investigación, a vinculación directa das prazas asistenciais coas prazas docentes ou a ordenación do persoal implicado, en que se inclúe o profesorado asociado de Ciencias da Saúde.

Deste xeito, o novo marco común modernizará a colaboración entre institucións e tamén “dará cumprimento ao previsto no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas no referido á descentralización do grao de Medicina”, indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste novo concerto tamén se inclúen as achegas para o financiamento das prazas de profesores asociados en Ciencias da Saúde do Grao de Enxeñería Biomédica, por importe 279.982 euros, para os seus 4 anos de vixencia.

A Xunta ratifica a súa aposta pola innovación e a investigación sanitaria, ao tempo que garante a transferencia do coñecemento á práctica clínica e proxecta á comunidade galega como referente en formación sanitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 600.000€ PARA ACTUAR EN 12 IGREXAS PARROQUIAIS QUE FORMAN PARTE DO PATRIMONIO GALEGO

- O Consello dá luz verde á renovación do acordo entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as seis dioceses galegas para traballos de conservación
- Trátase dunha colaboración estable que mantén o Goberno galego no seu compromiso coa preservación e rehabilitación dos bens eclesiásticos polo seu valor cultural, artístico e histórico
- As axudas están destinadas a intervencións para cubrir necesidades de acondicionamento como é a solución de humidades ou o arranxo de cubertas
- As accións abranguen cinco templos na provincia de Pontevedra, catro na de Lugo e tres na de Ourense

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as dioceses galegas, por valor de 600.000€, consolidando a partida de 2025, que se destinan a pequenas actuacións de conservación e mantemento en igrexas parroquiais de todo o territorio. Deste xeito, este ano levaranse a cabo intervencións en 12 templos que forman parte do patrimonio cultural de Galicia para garantir a súa protección.

Desde o Goberno galego mantense así unha colaboración estable para manter nas mellores condicións e poñer en valor estes bens pertencentes ao patrimonio artístico de titularidade eclesiástica que gozan dun alto valor artístico, cultural e histórico. Neste senso, desde o 2019 a Xunta leva investido directamente, a través do Convenio Mixto, 1,8 M€ neste tipo de actuacións.

Estas axudas van na liña do compromiso do Executivo autonómico cos bens culturais da Igrexa que abranguen ademais mosteiros, abadías, conventos, conxuntos catedralicios e diferentes monumentos declarados ben de interese cultural, especialmente cos vencellados ás rutas xacobeas.

As partidas repártense entre as seis dioceses existentes, de tal xeito que a de Lugo recibirá 147.600€ para levar a cabo obras de reparación na cuberta da casa reitoral do complexo pastoral parroquial de Santiago de Meilán, na propia cidade lucense, así como da igrexa de Santa María de Temes, en Carballedo. A isto súmanselle os arranxos que se desenvolverán na igrexa parroquial de Santa María de Guimarei, en Friol.

Pola súa banda, a Arquidiocese de Santiago de Compostela percibirá 129.000€ destinados ao mantemento e conservación da igrexa de San Xulián de Romai, no concello pontevedrés de Portas. No que respecta á Diocese de Ourense, son 113.400€ os que se recollen no acordo para a reconstrución e consolidación da igrexa de Santa María de Almoite, no concello de Baños de Molgas, e para a eliminación de humidades e acondicionamento en Santa María de Barxés, en Muíños. Tamén se achegarán ao abeiro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

deste convenio 94.800€ á Diocese de Mondoñedo-Ferrol para renovar as cubertas no templo de San Xurxo, no municipio lucense de Lourenzá.

Así mesmo, a Diocese de Tui-Vigo contará con 76.200€ para repartir entre os traballos para solucionar as humidades na igrexa de Santa María de Queimadelos, no municipio de Mondariz, e para as actuacións no campanario de San Martiño de Pesqueiras, en Salvaterra de Miño, localidade en que tamén se levará a cabo a restauración do cruceiro de San Paio de Alxén. Ademais, tamén se intervirá na igrexa de San Paio de Moscoso, en Pazos de Borbén, para a substitución do material de cubrición. Mentres, á Diocese de Astorga corresponderanlle 39.000€ co obxectivo de renovar a cuberta da igrexa de Xagoaza, no Barco de Valdeorras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ UN NOVO IMPULSO Á RESTAURACIÓN DOS BANCOS CON CATRO NOVOS CONVENIOS QUE INXECTAN MÁIS DE 1,6 M€ NO MARISQUEO

- O Goberno galego autoriza os plans de restauración para as confrarías de Barallobre, Moaña, Carril e a Agrupación Río Anllóns, dentro do fondo extraordinario de 22,7 M€
- Os proxectos, elaborados baixo o principio de coexistión, centrarán o investimento en arar o terreo, sementar bivalvos autóctonos e dotar de ingresos as profesionais mentres non se retome a actividade extractiva
- O pósito feneiro de Barallobre concentra a maior partida con máis de 1,3 M€ para actuar en 468.000 m² de praias e sementar sete millóns de unidades de ameixa babosa

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á tramitación e sinatura de catro novos convenios de colaboración bilaterais destinados a reverter os severos danos sufridos polas poboacións de moluscos bivalvos tras as borrascas do inicio do ano. Estes novos acordos, que ligan a Consellería do Mar cos pósitos de Barallobre, Moaña, Carril e a Agrupación de Mariscadoras Río Anllóns, mobilizan un orzamento global que supera os 1,6 millóns de euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Estes paquetes de medidas acordados de xeito bilateral con cada confraría consolidan a folla de ruta deseñada polo Executivo galego, que eleva xa a nove o número de entidades do litoral que dispoñen de fondos do programa extraordinario de case 23 millóns de euros postos a disposición. Os convenios cuxo obxectivo fundamental é rexenerar os bancos marisqueiros tamén contribúen á protección social ao garantir a compensación ás persoas mariscadoras polos labores de rexeneración de ata 700 euros ao mes.

Plan de Barallobre

O proxecto de maior envergadura económica corresponde á Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Barallobre, cun orzamento que ascende a 1.330.185,76 euros. O documento técnico prevé actuar sobre unha franxa de 468.000 metros cadrados –que abarca desde Punta do Seixo a Punta Pena do Ramo e do intermareal de San Valentín á Ribeira do Coto– mediante a implicación directa de 22 mariscadoras a pé ao longo de 144 xornadas.

Entre as accións programadas destaca a descompactación mecánica do substrato con tractor e grade rolcada, o mantemento manual con sacho e angazo nas zonas inaccesibles e a achega controlada de áridos en Neda e San Valentín. No plano produtivo, búscase o recrutamento natural coa sementeira estratéxica de ameixa fina de en áreas protexidas con pedras graníticas (Barallobre, CF-138), a sementeira de 7 millóns de unidades de ameixa babosa e reforzos con ostra plana e zamburiña. O pósito feneiro aplicará un sistema de economía circular coa extracción manual da especie exótica

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Magallana gigas en Maniños: a vianda entregárase a un xestor autorizado e as valvas trituráranse para corrixir a granulometría do leito. Finalmente, a cabina do tractor dotárase de cámaras de control e adquiríranse 10 dispositivos oceanográficos CT para a monitorización en tempo real de salinidade e temperatura.

Plan de Moaña

Cun orzamento de 133.679,80 euros, a Confraría de Moaña coordinará 15 mariscadoras a pé nun raio de acción prioritario de 642.612 metros cadrados repartidos entre os areas da Xunqueira, Meira e Domaio, e de xeito secundario no Con. O colectivo de a pé absorberá máis do 93 % dos fondos de xeito directo a través das compensacións por xornada.

As tarefas priorizan o acondicionamento do terreo de xeito manual e mecánico mediante o uso de motocultor, a retirada a marea baleira de algas de arribazón e lixo mariño en coordinación cos servizos municipais, e o control biolóxico de depredadores e especies exóticas invasoras integrado nas mostraxes periódicas da entidade. Co fin de acelerar as taxas de crecemento e restaurar a biomasa danada, o plan estipula a realización de traslados internos de ameixa xaponesa, fina, babosa e berberecho, ademais de deseñar un programa de sementeiras autóctonas de carácter adaptativo segundo flutúe a oferta de semente no mercado.

Plan do Carril

O convenio suscrito coa Confraría do Carril está dotado con 100.417,36 euros e focalizará as súas intervencións nos bancos de praia da Concha de Compostela e A Fangureira a pé. O orzamento destina case o 70 % do total ao sostemento económico de 50 mariscadoras en quendas de catro horas de media.

As accións elixibles recollen o arado con tractor e desde embarcación, a eliminación manual de pedras en zonas do Ancho e Ramal, o nivelado de fochas e a retirada con rastros e angazos de macroalgas pardas (madeixo), que serán tratadas en colectores cedidos polo Concello. En materia de control de fauna, a entidade, implicada no proxecto Sol-Ouxa II da rede Redemar, capturarán exemplares de ouxa para estudos estomacais e marcación científica. As quendas de custodia diaria estenderanse sobre un radio global de 770.000 m² para protexer tamén a biomasa reprodutora do banco de Os Lombos do Ulla.

Plan do Río Anllóns

Por último, a Agrupación de Mariscadoras Río Anllóns contará cun investimento de 60.254,80 euros para rehabilitar as zonas produtivas da marxe dereita da enseada (entre illa Cagalóns, Punta Revoltas e a enseada de Insua) e o esteiro de libre marisqueo na marxe esquerda. O plan mobilizará de forma progresiva desde 5 ata 11 profesionais de a pé.

Dada a imposibilidade xeográfica de acceder por vía terrestre con maquinaria pesada, o proxecto financia a compra dun motocultor de pequeno tamaño para ser transportado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en botes. A remoción de sedimentos compactados irá precedida dunha análise do terreo mediante un compactómetro e unha cribadora de malla que adquirirá a agrupación.

O plan inclúe o traslado técnico de berberecho e ameixa xaponesa entre os bancos do Couto e Petrallo, limpeza de algas estivais e o control do cangrexo común (*Carcinus maenas*) mediante o calado con embarcación de dúas caceas de ata 20 nasas pechadas e balizadas nas canles de Ourixeira e O Pendón, mantendo os exemplares estabulados antes da súa xestión final.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZAN, CO AVAL DA CIENCIA, A XESTIÓN DA MEXILLA NO LITORAL DE GALICIA

- O Consello da Xunta autorizou o convenio que permitirá seguir identificando e realizando a marcación selectiva de larvas de mexillón nas rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros-Noia e Ares-Betanzos
- Supón un avance na xestión deste molusco atendendo á crecente demanda e á súa explotación responsable
- A Consellería do Mar destina a esta actuación máis de 310.000 € cofinanciados co Fempa e distribuídos no período 2026-2029

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para continuar coa execución do estudo de identificación e marcación selectiva de larvas de mexillón que lle permite aos produtores coñecer, dun xeito máis preciso, a presenza e abundancia de mexilla no medio natural, o que contribúe a facilitar o seu labor e a garantir a produción. Esta acción, que se vén mantendo desde 2022, supón un avance na xestión da cría de mexillón atendendo á crecente demanda e á explotación responsable dos distintos recursos naturais.

A Consellería do Mar apoia esta actuación cunha achega de 310.074,31 euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) e a distribuír no período 2026-2029. Corresponde ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Xunta, a recollida das mostras para posterior envío ao laboratorio de Inmunoloxía da Universidade de Vigo.

Unha vez finalizado este proceso, os datos preséntanse nun visor dinámico na web Apromex.com. A través desta canle, infórmase sobre a presenza e abundancia larvaria para cada unha das estacións, indicando a cantidade de larvas por unidade de volume/mostraxe, así como en cada un dos estadios presentes na mostra. Co fin de facilitar un mellor asesoramento ao sector, tamén se detallan as densidades de mexillón presentes en cada momento, comparando ademais esta información cos últimos datos dispoñibles.

A través deste acordo, seguirán monitorizándose sete puntos de control nas rías de Vigo (2), Pontevedra, Arousa (2), Muros-Noia e Ares-Betanzos. Unha acción que se iniciou no 2022 e para a que a Administración autonómica leva achegados 306.590 euros.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo comprométese a realizar as tarefas de identificación e contaxe larvaria, así como de descrición dos estadios larvarios indicando a cantidade de larvas por unidade de volume e mostraxe e en cada un dos estadios larvarios presentes nas mostraxes. Na coordinación e interpretación dos resultados encárgase o Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (CIMA) de Vilanova de Arousa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa inclúese no labor de investigación e análise que desenvolve a Administración galega para avanzar na xestión da mexilla no medio natural e tamén no seu cultivo, e enmárcase na súa aposta por avanzar na explotación sustentable dos distintos recursos mariños.

O sector en cifras

A acuicultura constitúe un pilar fundamental para o desenvolvemento socioeconómico das zonas costeiras. Integran este sector máis de 2.600 empresas, que xeran arredor de 5.600 empregos e acadan unha facturación anual de 247 millóns de euros, consolidándose como un dos motores da economía azul galega. Neste ámbito, o mexillón destaca como o principal produto do sector, ao representar o 94 % da produción acuícola mariña, con máis de 177.000 toneladas producidas en 2025.

Por outra banda, a Xunta, co fin de seguir impulsando este sector estratéxico, avanza na elaboración do futuro decreto de acuicultura mariña de Galicia, unha norma que contribuirá a reforzar a estabilidade do sector e a dotar os seus profesionais dunha maior seguridade xurídica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA 56 M€ EN OBRAS NA RÍA DE PONTEVEDRA PARA SEGUIR MELLORANDO O SANEAMENTO E REDUCIR A SOBRECARGA DA REDE EN EPISODIOS DE CHUVIA

- O Consello toma razón dun informe de Augas de Galicia sobre as actuacións feitas, en marcha ou previstas para avanzar na mellora do sistema de saneamento e depuración de Pontevedra, Marín e Poio, deseñado para atender a máis de 242.000 persoas
- Unha vez reforzada a depuración nesta zona coas melloras na EDAR de Praceres e o emisario submarino, a prioridade do organismo hidráulico é intervir sobre distintos elementos da rede que recollen, bombean e conducen as augas residuais á depuradora
- Entre as actuacións previstas, cun investimento total duns 21,3 M€, destacan o tanque de tormentas da Seca e o bombeo de Porto Campelo, a mellora do saneamento de Mogor en Marín, e o novo bombeo e depósito de retención de recheo en Poio, que se executará a través dun convenio co concello cuxa sinatura foi autorizada hoxe
- O resultado esperado é un sistema máis eficiente, resiliente e con menor risco de causar verteduras ao medio, así como unha maior protección ambiental da ría

A Xunta de Galicia está a mobilizar investimentos na ría de Pontevedra por un importe de arredor de 56 millóns de euros co obxectivo de seguir avanzando na mellora da rede de saneamento e reducir os problemas de sobrecarga detectados en distintos puntos do sistema coincidindo sobre todo con episodios de chuvia intensa.

O Consello tomou razón hoxe dun informe que recolle as actuacións feitas, en execución ou en tramitación por parte de Augas de Galicia co fin de impulsar unha nova fase de mellora no sistema de saneamento e depuración de Pontevedra, Marín e Poio, deseñado para atender a máis de 242.000 persoas.

Neste sentido, cómpre lembrar que o organismo hidráulico autonómico desenvolveu nos últimos anos unha estratexia centrada na mellora do sistema de saneamento asociado á Estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Praceres, que é a infraestrutura de referencia para estes tres concellos e necesitaba reforzar a súa capacidade de tratamento e mellorar a calidade da auga depurada.

Unha vez reforzada a depuración na zona —grazas á modernización da citada EDAR e á construción dun novo emisario submarino—, a prioridade do organismo hidráulico agora é intervir sobre os distintos elementos da rede de saneamento que recollen, bombean e conducen as augas residuais ata a depuradora.

O obxectivo é mellorar o funcionamento de todo o sistema, sobre todo ante episodios de chuvia, cando a entrada de pluviais, posibles infiltracións ou auga de mar na rede

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pode provocar sobrecargas nos colectores e bombeos que acaban xerando alivios directos á ría antes de que a auga chegue á EDAR.

Entre as novas actuacións incluídas nesta segunda fase de actuacións, cun investimento total estimado de 21,3 millóns de euros, destacan sobre todo tres: o tanque de tormentas da Seca e o bombeo de Porto Campelo, en obras desde marzo e cun investimento de 3,8 M€; a mellora da Estación de bombeo de augas residuais de Mogor, en Marín, cun custo estimado en 3,8 M€; e o novo bombeo e depósito de retención de recheo (tanque de tormentas) en Poio, con licitación prevista para este ano.

Con respecto á actuación prevista en Poio, precisamente, cómpre subliñar que o Consello da Xunta autorizou tamén esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello para a súa execución, cun investimento que se prevé superior aos 4 millóns de euros. Esta obra permitirá construír o tanque de tormentas (ou depósito de retención de recheo), renovar o bombeo da Barca e executar aliviadoiros de seguridade para reducir alivios á ría e regular mellor os caudais en épocas de choiva.

A maiores, tamén está en execución a obra de mellora do saneamento na contorna do río Lameira, en Marín (4,1 M€) e, paralelamente, avánzase nos trámites para licitar a adecuación da capacidade da estación de bombeo de Cocheiras, en Pontevedra (5,6 M€).

En total, esta segunda fase para optimizar o funcionamento do saneamento na ría de Pontevedra prevé actuar sobre 6 bombeos, executar máis de 7,7 km de colectores e impulsións e incorporar 5.200 m³ de capacidade de retención de auga ao sistema actual para reducir posibles verteduras á ría causadas por episodios intensos de precipitacións.

O resultado esperado coa execución desta nova fase de actuacións é un sistema de saneamento máis eficiente e resiliente, con menor risco de sufrir sobrecargas que provoquen verteduras en tempo de choiva, un mellor aproveitamento da EDAR de Praceres e do emisario submarino e unha maior protección ambiental da ría.

Plan de saneamento local

A ría de Pontevedra é un espazo de especial valor ambiental, social e económico en que conviven usos urbanos, marisqueiros, pesqueiros, turísticos e recreativos. Neste sentido, a calidade das súas augas é esencial para a protección dos ecosistemas e para o mantemento das actividades vinculadas ao mar, polo que a mellora do saneamento e da depuración neste ámbito constitúe unha prioridade para Augas de Galicia.

Así se reflicte no Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, instrumento de planificación deseñado polo organismo hidráulico para diagnosticar o sistema, identificar problemas e primar as actuacións que se están desenvolvendo de forma progresiva.

Neste sentido, xa se executou unha primeira fase, que supuxo un investimento de 34,8 millóns de euros e incluíu a mellora do proceso de depuración da EDAR de Praceres, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

emisario submarino e outras actuacións complementarias, como a optimización do colector xeral e nova impulsión en Marín. A esta primeira fase dálle continuidade agora unha segunda carteira de actuacións, xa en marcha ou para desenvolver nos vindeiros exercicios, co fin de completala no horizonte 2029-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTATA QUE MENOS DO 10 % DAS PERSOAS CON ELA EN GALICIA CUMPREN COS REQUISITOS DO GOBERNO CENTRAL PARA OBTER O GRAO III+ DE DEPENDENCIA

- O Consello da Xunta avaliou un informe sobre a implantación da Lei ELA na comunidade que pon de manifesto as carencias e o carácter restritivo da norma estatal
- O documento incide na necesidade de que os doentes nas fases máis avanzadas poidan acceder a todos os servizos da dependencia, xa que agora a prestación económica está vinculada só á axuda a domicilio e asistente persoal
- O Executivo autonómico foi pioneiro en apoiar as persoas con esta enfermidade cunha axuda de 12.000 euros anuais e creando unha vía preferente para o recoñecemento da dependencia

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería de Política Social e Igualdade en que se fai balance da implantación da lei para mellorar a calidade de vida das persoas con esclerose lateral amiotrófica, coñecida como Lei ELA, desde a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) en outubro de 2024. Os datos do informe reflicten as carencias desta norma estatal, xa que non responde ás necesidades destes doentes e das súas familia.

Así, das preto de 200 persoas con ELA que hai en Galicia só 14, é dicir o 7 %, teñen nestes momentos recoñecido o grao III+ recollido na lei para fases da enfermidade moi avanzadas e con criterios de acceso moi restritivos. Polo tanto, o número de beneficiarios deste novo grao é moi reducido.

Ademais, para estes casos a norma estatal recolle unha prestación económica de entre 3.200 e 9.859 euros, que está vinculada unicamente a gastos de axuda a domicilio e asistente persoal. Ao respecto, a Xunta denunciou desde o primeiro momento a necesidade de que se dese acceso a todos os servizos e prestacións do sistema de dependencia sen ningunha limitación, para que os afectados puidesen elixir o que máis se adapta ás súas necesidades.

De feito, dáse a circunstancia de que a maioría das solicitudes de grao III Plus piden manterse na prestación que xa teñen recoñecida pola Xunta, maioritariamente o Bono coidado no fogar, xa que responde mellor ás súas necesidades.

O Goberno galego continúa marcando o paso a nivel nacional na atención ás persoas con ELA. No ano 2023, Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en apoiar estes doentes con axudas directas de 12.000 euros anuais que se conceden ao 100 % dos afectados e que son compatibles con calquera outra axuda pública, tamén coas recollidas na Lei ELA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta tamén foi pioneira na creación dunha vía preferente para a recoñecer a dependencia a persoas con ELA, co fin de que poidan acceder a un servizo no menor tempo posible. Neste sentido, a lei estatal fixa un prazo de ata tres meses para facelo, cando en Galicia xa desde o 2018 este proceso se resolve nun mes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 700.000 EUROS A FOMENTAR A FORMACIÓN DIXITAL NAS AULAS CEMIT DURANTE ESTE ANO

- O Consello de Goberno foi informado sobre as asignacións a concellos para a actividade das aulas de referencia da rede, que se atopan en 59 municipios
- As axudas enmárcanse no convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- As aulas CeMIT son usadas por máis de 130.000 persoas e, desde a súa creación, acolleron máis de 660.000 horas de formación
- No Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT investíronse máis de 2 millóns de euros

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a concesión de 722.271 euros a 59 concellos de Galicia que acollen aulas CeMIT de referencia destinadas ao desenvolvemento de actividades de formación dixital en 2026.

Para poder optar a estas asignacións, os concellos tiveron que acreditar que as súas aulas desenvolven anualmente máis de 200 horas de formación, no caso dos de máis de 5.000 habitantes, que reciben 15.000 euros; ou 100 horas, no caso dos de menos poboación, que reciben 7.251 euros.

As asignacións foron decididas pola comisión de seguimento do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, segundo criterios obxectivos establecidos no acordo. O actual convenio para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT foi prorrogado recentemente ata 2029.

A rede CeMIT conta con 93 aulas en 90 concellos na práctica totalidade das comarcas de Galicia. Trátase dun instrumento promovido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para o fomento da alfabetización e as competencias dixitais da cidadanía galega. A Rede conta con máis de 130.000 persoas usuarias rexistradas, das cales o 60 % son mulleres. Desde a súa posta en funcionamento en 2011 impartíronse máis de 660.000 horas de formación.

O informe tamén destaca os avances do Plan de reforma e ampliación da Rede CeMIT – que inclúe dotación de equipamento innovador (impresoras 3D, drons, realidade virtual), modernización tecnolóxica das plataformas dixitais e o lanzamento dunha aula móbil itinerante que visitou 27 localidades rurais en maio de 2026–, así como o crecemento do programa de Certificación galega en competencias dixitais (ComDix), con máis de 12.000 prazas convocadas desde 2024 e 4.066 persoas certificadas en total ata o momento. Neste plan lévanse investidos desde o ano 2023 máis de 2 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA SOMETER A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DE TRAZADO DO ACONDICIONAMENTO DA OU-533 ENTRE A GUDIÑA E VIANA DO BOLO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 15,6M€

- Trátase de mellorar o trazado dun treito de algo máis de 15 km desta vía autonómica en que é difícil realizar adiantamentos, con solucións combinadas de mellora de interseccións, renovación da capa de rodaxe, ou implantación de carrís adicionais, entre outras
- Mellórase a seguridade de 8 interseccións nas que se proxecta a disposición de novos carrís centrais de espera, configurándose en 7 para realizar cambio de sentido
- Tamén se acondicionarán outras 17 interseccións de camiños secundarios
- O obxectivo da Xunta é aprobar de xeito definitivo o proxecto de trazado a finais deste ano 2026

O Consello da Xunta acordou a aprobación provisional, para a súa próxima información pública, do proxecto de trazado para o acondicionamento da estrada OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo, que suporá un investimento de case 15,6 M€.

Antecedentes

A estrada OU-533 ten unha lonxitude total de algo máis de 50 quilómetros e unha orientación sur - norte, unindo a autovía A-52 e a estrada N-525 ao sur (A Gudiña) coas estradas N-120 e OU-536 ao norte (A Rúa), estando situada, ao comezo da OU-533, a nova estación do AVE na Gudiña (Estación "Porta de Galicia").

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia galega de infraestruturas, elaborou un estudo previo realizado nesta estrada, en que se propoñía o acondicionamento da OU-533 ata conseguir uns parámetros de trazado homoxéneos, mellorando os actuais e permitindo unha condución cómoda e segura.

A actuación

Deste xeito, o treito obxecto do proxecto de acondicionamento desta vía autonómica, segundo o acordado hoxe polo Goberno galego, correspóndese co treito prioritario determinado no estudo previo, e que se corresponde co tramo da OU-533 entre A Gudiña e Viana do Bolo. O obxectivo é actuar nesta zona, algo mais de 15 quilómetros de lonxitude, entres os puntos quilométricos 1+000 e 16+700, en que practicamente non se poden realizar adiantamentos.

Para acadar este obxectivo no proxecto provisional aprobado hoxe, o departamento de Infraestruturas da Xunta propónse executar unha actuación integral de acondicionamento na OU-533, neste treito comprendido entre A Gudiña e Viana do Bolo, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, incrementar a capacidade e facilitar os adiantamentos nesta vía e de importancia estratéxica para o sur da provincia de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ourense. Así, deséñase un novo trazado sobre a base da estrada actual, realizando a mellora de interseccións, e habilitando carrís adicionais de adiantamento.

Coas actuacións propostas auméntanse os tramos con terceiros carrís de adiantamento, pasando dunha lonxitude actual total de 760 metros en sentido crecente (sentido A Rúa) e 600 metros en sentido decrecente (sentido A Gudiña), a unha lonxitude futura de 2.600 metros en sentido crecente e 4.460 metros en sentido decrecente. Para iso constrúense novos carrís adicionais, que son os seguintes: en sentido Viana, do punto 0+380 ao 1+330 (950 m); e en sentido A Gudiña, do punto 2+730 ao 6+830 (3.640 m). Neste treito tamén se acondiciona dúas interseccións: nos puntos 13+180 e 14+170 (990 m).

Ademais de nestes carrís adicionais, debido á mellora do trazado tamén aumenta a lonxitude con posibilidade de adiantamento.

Por iso, na intervención propónse o incremento da lonxitude total de adiantamento, dispoñendo dos tramos seguintes. No sentido Viana do quilómetro 1+910 a 2+285 (375 m), 7+180 a 7+560 (380 m), 10+760 a 11+070 (310 m), e 14+400 a 14+700 (300 m); e en sentido A Gudiña, nos puntos: 2+120 a 2+500 (380 m), 7+400 a 7+740 (340 m), e 10+900 a 11+260 (360 m).

O proxecto tamén prevé melloras de trazado, buscando o incremento das visibilidades existentes para reforzar a seguridade viaria, destacando a variante de trazado entre os puntos quilométricos 5+000 e 7+100, que permite a eliminación de varias curvas de raios reducidos, o que tamén permitirá reducir a distancia de percorrido en algo máis de 700 metros deste treito de estrada.

En canto á seguridade viaria, mellórase a seguridade de 8 interseccións en que se proxecta a disposición de novos carrís centrais de espera. Ademais, configúrase en 7 dos casos a intersección para que se poida realizar un cambio de sentido con seguridade.

Tamén se acondicionarán outras 17 interseccións de camiños secundarios mediante o ensanchamento dos seus accesos.

Ademais, prevese a extensión dunha nova capa de rodaxe en toda a plataforma da estrada (calzada + beiravías), renovando por completo o pavimento do tramo de proxecto.

Finalmente, repórase a sinalización, o balizamento e as defensas, adecuándoas ás novas solucións expostas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pasos seguintes

O proxecto someterase a información pública nos vindeiros días, para os efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 189 predios, das cales 12 pertencen ao concello da Gudiña e 177 a Viana do Bolo.

O obxectivo da Xunta é poder aprobar de xeito definitivo o proxecto de trazado no último trimestre deste ano para, posteriormente, licitar a redacción do proxecto construtivo.



Zona inicial do proxecto KM 0+000 (P.Q. 1+000)



Límite entre os concellos da Gudiña e Viana do Bolo (P.Q. 2+200)


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Intersección cara a Pradocabalos (P.Q. 10+500)




Recta ao final do tramo de proxecto (P.Q. 16+700)




Localización da zona de traballo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Zonas de adiantamento entre os PP.QQ. 2+900 e 3+600



Variante de trazado exposta entre os PP.QQ. 5,0 e 7,1 (QM 4,0 ao QM 5,3)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Acondicionamento da intersección do PQ 5,1 (QM 4+090)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA VARIANTE LESTE DE VIVEIRO

- Trátase de definir a execución dunha nova variante na contorna da ría de Viveiro que permita salvar a ría e o núcleo de Viveiro, e que conecte adecuadamente a VAC Costa Norte coas estradas LU-540 e LU-862
- Desenvolverá un percorrido de 6,2 km, desde a glorieta de conexión na LU-540 no comezo da travesía de Viveiro, ata a glorieta de inicio do corredor Celeiro – San Cibrao ao cal se dá continuidade, cun investimento autonómico de preto de 40M€
- A Xunta licitará nos vindeiros días o contrato, co obxectivo de adxudicar e comezar a elaboración do proxecto construtivo no último trimestre deste ano para, unha vez aprobado e tramitada previamente a expropiación dos terreos, licitar a obra

O Consello da Xunta deu conta hoxe do acordo polo que se autoriza o contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo da variante leste de Viveiro, por un investimento de máis de 390.000 euros (391.831,25 €).

O obxecto do proxecto construtivo, cuxa redacción se licitará nos vindeiros días, é a definición técnica para a execución dunha nova variante na contorna da ría de Viveiro que permita salvar a ría e o núcleo de Viveiro, e que conecte adecuadamente a vía de alta capacidade (VAC) Costa Norte coas estradas LU-540 e LU-862, actuais vertebradoras das comunicacións no ámbito de estudo.

Neste caso, tratase de desenvolver a variante leste, cun percorrido de 6,2km, desde a glorieta de conexión na estrada LU-540 no comezo da travesía de Viveiro, ata a glorieta de inicio do corredor Celeiro – San Cibrao ao cal se dá continuidade. O orzamento inicial previsto nesta actuación roldará os 40M€, en que se inclúe o orzamento total das expropiacións necesarias para executar esta obra, financiada integramente con fondos autonómicos.

En concreto, a construción deste trazado permitirá realizar o itinerario entre a estrada LU-540 e o Corredor CG-2.3 no seu tramo situado ao leste de Viveiro, evitando a circulación polo núcleo urbano de Viveiro, e a estrada LU-862 no seu tramo periurbano entre Viveiro, o porto de Celeiro e o núcleo do mesmo nome.

Tal e como se recolle no estudo informativo, a alternativa de trazado seleccionada iníciase na recta situada na zona coñecida como A Veiga, desde onde parte cara ao leste e a continuación xira cara ao norte, case en paralelo á actual estrada LU-540, cunha pendente que parte do 7,5 % e chega ata o 8 % ata chegar ao rego de Fontecova. Esta canle atrávesase mediante o viaduto do rego de Fontecova, de 130 metros de lonxitude.

Posteriormente o trazado experimenta unha subida do 7,5 % ata o punto quilométrico 1+146, para logo descender cun 6.5 % ata o punto. 1+447, onde se atopa a conexión ao núcleo de Viveiro mediante unha glorieta a nivel.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A partir de aquí o trazado segue subindo lixeiramente e adaptándose, na medida do posible, ás curvas de nivel ata o quilómetro 3+705, a partir do cal inicia un descenso cunha pendente do 8 % ata o semienlace con Viveiro Leste, situado na entorna do quilómetro 4+222, que enlaza a súa vez coa glorieta de conexión coa LU-862. Este enlace presenta a tipoloxía de trompeta.

A continuación, o trazado ascende lixeiramente ata o quilómetro 4+800, salvando o val situado ao leste do núcleo de Celeiro mediante o viaduto do Celeiro, de 503 m de lonxitude, que salva o rego do Monte. Posteriormente, o trazado inicia un descenso cunha pendente do 7 % ata rematar na glorieta de conexión co corredor CG-2.3.

Ademais, na traza da variante, destacan dúas grandes estruturas que serán os dous viadutos: un de 503 m en Celeiro e outro de 130 m en rego Fontecova. E tamén a glorieta de conexión coa LU-862.


Avanzando

O Goberno galego segue avanzando no impulso da variante de Viveiro, dando cumprimento ao acordado no Consello da Xunta do pasado día 27 de abril, en que se acordou someter a información pública do estudo informativo e de impacto ambiental da variante de Viveiro.

Con esta actuación, a Xunta busca mellorar as comunicacións neste concello lucense, o principal núcleo da Mariña lucense e o terceiro máis poboado da provincia, cunha alternativa con menor impacto nesta contorna de grandes valores naturais, e que vai permitir articular todo o tráfico do concello de Viveiro.

O obxectivo da Xunta é adjudicar e comezar a elaboración do proxecto construtivo no último trimestre do presente ano para, unha vez aprobado, e tramitada previamente a expropiación dos terreos, licitar as obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DA SENDA NA PO-551 QUE CONECTARÁ OS ACCESOS ÁS PRAIAS DE LAPAMÁN, PORTOMAIOR E AGRELO, EN BUEU

- Trátase de habilitar un itinerario de algo máis de 1,4 quilómetros de lonxitude de uso mixto peonil e ciclista non deportivo, que conectará os núcleos de Lapamán, Cela e Castrelo, cun investimento previsto superior aos 875.000 euros
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este mesmo mes de xuño este proxecto a información pública, co obxectivo de aprobar o proxecto de construción e licitar as obras no segundo semestre deste ano
- O Goberno galego segue apostando por actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible.

O Consello da Xunta acordou hoxe darlle luz verde a aprobación provisional, para a súa próxima información pública, do proxecto para a execución dunha nova senda ao longo da estrada PO-551, ao seu paso polo municipio de Bueu, que facilitará a conexión entre as praias de Lapamán, Portomaior e Agrelo e os núcleos de poboación da súa contorna.

A través desta intervención de mellora da mobilidade e seguridade viaria, que se estima que suporá un orzamento total superior aos 875.000 euros, trátase de habilitar un itinerario de uso mixto para peóns e ciclistas non deportivos nesta vía autonómica, no tramo deste municipio da comarca do Morrazo de algo máis de 1,4 quilómetros de lonxitude, que percorre os núcleos de Lapamán, Cela e Castrelo.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter este mesmo mes de xuño este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia e para efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 26 predios.

A previsión é poder aprobar de xeito definitivo o proxecto de construción, para de seguido licitar as obras, no segundo semestre deste mesmo ano. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

A nova senda

As actuacións proxectadas na estrada PO-551, comprenden dous subtramos de senda, na parroquia de Cela, entre os puntos quilométricos 7+990 e 9+440 da PO-551.

En concreto, executarase un treito de senda pola marxe dereita da estrada autonómica, no tramo comprendido entre o quilómetro 7+990 e o 8+900, partindo da glorieta de acceso á praia de Lapamán, onde conecta coa senda xa executada e chega ata a glorieta existente en Cela, que tamén conta cunha senda no seu contorno.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segundo treito continuará tamén pola marxe dereita da estrada, entre os puntos quilométricos 9+080 e 9+440, iniciándose na senda xa existente na contorna da glorieta de Cela ata a intersección coa estrada EP-1304 e a estrada local de acceso á praia de Portomaior-Agrelo.

A nova senda deséñase co mesmo trazado en planta e alzado que presenta a estrada sobre a que se apoia, cun pavimento en formigón bicapa e un ancho total de 2,02 m, que, puntualmente, se ampliou ou reduciu para adaptala á realidade física da contorna (presenza de edificacións, peches, accesos etc.); e limitada exteriormente por un bordo prefabricado de formigón, de 22x15 cm, elevado 10 cm sobre a calzada.

Para dispoñer do espazo necesario para executar a senda será necesario nalgúns tramos ampliar a plataforma, mediante escavacións e recheos xa que algún dos predios lindeiros se atopan a diferente nivel que a estrada. Para limitar as ocupacións da ampliación da plataforma na contorna dos puntos quilométricos 8+430, 8+600 e 9+350, proxéctanse muros de altura máxima comprendida entre 1,5 e 4 m.

O deseño complétase con outras actuacións complementarias, tales como o acondicionamento da rasante onde sexa necesario e a drenaxe e repintado de marcas viarias. Como actuación complementaria de mellora da seguridade viaria, proxéctase o repintado das marcas viarias lonxitudinais máis próximas á senda, adaptándoas á súa nova configuración; así como o pintado da simboloxía e marcas de delimitación na parada de autobús comprendida no trazado.


Ademais, adecuarase a sinalización vertical do tramo renovando a que sexa necesaria e colocando a nova sinalización adecuada ao novo deseño, aproveitarase se a execución da senda para executar a obra civil de iluminación, e proxéctase a instalación, baixo a senda, dun prisma de telecomunicacións, para evitar futuras demolicións da actuación agora executada.

Nesta intervención prevese tamén a instalación dun refuxio en parada de autobús, modelo de refuxio urbano, segundo modelo aprobado pola Dirección Xeral de Mobilidade. Inclúirse, tamén, a instalación de varandas en desniveis superiores a 55 cm, instalación de bancos en distintas zonas e reporanse os servizos afectados pola obra.

As actuacións recollidas neste proxecto contarán con financiación de fondos do programa operativo Feder 21/27.

O Goberno galego segue apostando por actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A FORMACIÓN E A REMUDA XERACIONAL NA ARTESANÍA CON NOVOS APOIOS POR 1 M€ DENTRO DO PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL

- O Consello analizou máis de 15,7 M€ en incentivos á contratación, plasmados nesta iniciativa, nas axudas para contratar xente nova en entidades locais e organismos intermedios e no emprego con apoio de persoas con discapacidade na empresa
- O programa de primeira experiencia profesional contará con máis de 8,7 M€, incluídas as novas axudas á artesanía coas que se prevé chegar a uns 50 aprendices de oficios, dentro das máis de 520 persoas desempregadas que se estima beneficiar
- A nova edición das achegas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil estará dotada con 6,5 M€, coa previsión de beneficiar máis de 350 para traballar en servizos necesarios para a cidadanía e o territorio
- Coa convocatoria de emprego con apoio estímase chegar a uns 35 preparadores e preparadoras laborais co gallo de axudar 80 persoas con discapacidade e en risco de exclusión nos seus postos de traballo na empresa ordinaria

A Xunta impulsa a formación e a remuda xeracional na artesanía cunha nova liña de axudas dotada de 1 M€ para a formación de arredor de 50 aprendices en oficios tradicionais. Estes apoios están destinados aos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e inclúense como novidade no programa de primeira experiencia profesional que se lanzará esta semana por un importe global de máis de 8,7 M€. A previsión é beneficiar en total máis de 520 persoas desempregadas, poñendo o foco na retención do talento mozo e na cobertura de vacantes en sectores estratéxicos.

Así o reflicte o informe avaliado hoxe no Consello da Xunta sobre este programa e tamén sobre os apoios á contratación da mocidade en entidades locais e organismos intermedios, así como os destinados ao emprego con apoio de persoas con discapacidade na empresa ordinaria. Estas tres ordes suman un importe global superior aos 15,7 M€, coa estimación de chegar a case un milleiro de persoas sen traballo fomentando tanto a inserción laboral da mocidade como das persoas con discapacidade, ambos colectivos prioritarios nas políticas de emprego.

En canto ao programa para promover a primeira experiencia profesional –do que sairá mañá a nova convocatoria no DOG– impulsárase preferentemente a empregabilidade impulsárase preferentemente a empregabilidade das persoas menores de 30 anos, podendo beneficiarse tamén as maiores desa idade no caso dos apoios que se estrean ao sector artesanal. En concreto, as achegas destínanse a incentivar contratos de prácticas ou de formación en alternancia –a tempo completo e durante 12 meses– nas empresas, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral e este ano, por primeira vez, tamén nos obradoiros artesanais, co fin de dotar as persoas inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia de competencias para acceder a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un traballo estable e de calidade. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos de traballo, con contías que van desde preto de 10.000 aos máis de 16.600 euros.

Achegas a persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil

O apoio autonómico ao emprego xuvenil tamén se consolida cunha nova convocatoria que se publicará esta semana para incentivar a contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, dirixida a entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro e dotada con 6,5 M€ cofinanciados pola Unión Europea a través do Programa FSE+ de Galicia 2021-2027. Con esta nova edición, o Goberno galego prevé beneficiar máis de 350 persoas mozas desempregadas con contratacións a xornada completa por nove meses en labores relacionados cos fins non lucrativos da entidade. Neste caso, as achegas que dan cobertura aos custos salariais poden chegar ata máis de 23.600 euros.

Emprego con apoio

A outra orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, neste caso, xa se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o pasado 4 de xuño, é o programa de emprego con apoio, cuxo prazo de solicitude arranca este xoves 11 e se prolongará deica o 30 de setembro ou ata esgotamento do crédito. Dotada con 450.000 euros, busca financiar os custos laborais derivados da contratación durante 12 meses de persoal preparador que preste apoio a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social no seu traballo nunha empresa, co fin de favorecer a súa integración laboral. Con estes apoios sufrágase ata o 100 % do custo salarial da persoa preparadora con contías que oscilan entre os máis de 1.600 e os máis de 11.000 € anuais por cada persoa traballadora apoiada en función das súas características.

Poden beneficiarse das achegas asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como os centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social beneficiarias das accións con apoio. Tamén poden optar as empresas e as persoas traballadoras autónomas. Deste xeito, prevese chegar a uns 35 preparadores e preparadoras laborais, para apoiar 80 persoas con discapacidade e en risco de exclusión nos seus postos de traballo na empresa ordinaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A AMPLIACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN PARA O AGRO GALEGO CON 196 CURSOS E MÁIS DE 4.500 HORAS LECTIVAS NESTE 2026

- Destaca que a principal novidade é o reforzo dos módulos de aptitude empresarial agraria, xa que crece o número de accións e as horas de formación impartidas, co fin de diversificar a oferta con máis orientacións produtivas
- Tal e como se recolle neste documento, o obxectivo é seguir modernizando as zonas agrícolas e rurais, fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización nelas
- Os principais destinatarios destas actividades son o persoal do sector agrario, especialmente a xente máis nova ou que se incorporara recentemente ao campo
- Os cursos abordan temáticas moi diversas, como a gandaría (con formacións para traballadores de vacún, de leite e carne, de ovino ou caprino), a apicultura, a viticultura, fruticultura ou a olivicultura

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a ampliación do Plan de Formación para o agro galego cun total de 196 accións formativas, 27 máis que o ano pasado, que supoñen máis de 4.500 horas lectivas. A principal novidade deste plan é o reforzo dos módulos de aptitude empresarial agraria –que son “os que se esixen aos mozos que vaian a asumir por primeira vez unha explotación agraria”– xa que crece o número de accións e horas de formación impartidas, co fin de seguir diversificando a oferta con máis orientacións produtivas. Con estes cursos trátase de achegar a formación máis punteira ao sector e adaptala ás necesidades actuais de cada territorio, así como xerar unha relación profesional entre as futuras persoas profesionais.

Tal e como se recolle neste documento, o obxectivo deste plan é seguir modernizando as zonas agrícolas e rurais, fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización nelas. Do mesmo xeito, procúrase xerar formación continua para os agricultores, mediante a mellora do acceso á investigación, á innovación e ao intercambio de coñecementos.

A través deste tipo de iniciativas, foméntase a capacitación dos traballadores deste sector nos aspectos técnicos e económicos das súas actividades. As accións formativas tamén se centran no emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do medio, na mellora na eficiencia dos sistemas agrarios de produción, na calidade, eficiencia e novas tecnoloxías da industria agroalimentaria, na reordenación das producións, na bioeconomía e na aplicación das TIC ao sector. Os principais destinatarios destas accións son o persoal do sector agrario, especialmente a xente máis nova ou que se incorporara recentemente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

50 % máis de investimento

Neste sentido, o orzamento para financiar estes cursos é de preto de 803.000 euros, "Ampliándose así en case un 50 % respecto da última edición", e consolidando a aposta do Goberno autonómico pola formación na rama agraria. Este investimento está cofinanciado nun 60 % polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 28 % pola Xunta de Galicia e nun 12 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Estes cursos poden ser habilitantes, é dicir, que proporcionan unha acreditación exixida para desenvolver unha determinada actividade (como a aplicación de fitosanitarios, por exemplo), ou non exixibles, e impártense en modalidade presencial, telepresencial ou semipresencial. As accións abordan temáticas moi diversas, como a gandaría (con formacións para traballadores de vacún, de leite e carne, de ovino ou caprino), a apicultura, a viticultura, fruticultura ou a olivicultura, entre outras, co obxectivo de "cubrir as necesidades de remuda xeracional no sector primario galego".

Políticas da UE e Estratexia de especialización intelixente

Este plan de formación ao agro enmárcase nas políticas da Unión Europea a prol da transferencia de coñecementos e o fomento da I+D+i no eido rural. Ademais, intégrase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada pola Xunta en abril de 2022 e que aborda, tamén a través da I+D+i, a mellora do sistema de innovación agroalimentaria e forestal e a súa capacidade de resposta aos retos e estratexias.

Así, considérase que a formación agraria (agrícola, gandeira e forestal) e da industria agroalimentaria é unha das principais ferramentas de adaptación aos procesos de cambio tecnolóxico, económico e social en que están inmersos os sectores agrario e agroalimentario e, en xeral, o medio rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA REFORZARÁ A LOITA CONTRA O DESPERDICIO ALIMENTARIO E PORÁ Á DISPOSICIÓN DOS PRODUTORES UNHA PLATAFORMA WEB DE VENDA DIRECTA CO FIN DE EVITAR PERDAS

- Salienta que será unha das medidas da nova Estratexia de prevención de perdas e loita contra o desperdicio alimentario en Galicia que porá en marcha o Goberno galego para ampliar o labor que xa se viña desenvolvendo neste eido desde a Xunta
- A nova estratexia contemplará a realización de enquisas para diagnosticar a dimensión en Galicia desta realidade, redactarase un Manifesto contra o desperdicio alimentario e poñerase en marcha un selo para empresas comprometidas, así como distincións de recoñecemento a boas prácticas
- Así mesmo, levaranse a cabo campañas de sensibilización, formación e concienciación e lanzarase unha iniciativa de elaboración de receitas de aproveitamento, entre outras medidas
- A estratexia únese a fitos actuais como a consideración do HULA de Lugo como o primeiro hospital con certificación “Desperdicio Alimentario Cero”, ás medidas en comedores colectivos e escolares ou á colaboración con diferentes entidades sociais na materia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta porá á disposición dos produtores unha plataforma web onde poderán subir aqueles produtos que non conseguiron vender ou son “imperfectos” por non cumprir cos estándares de forma, tamaño ou cor que establece o mercado, para que sexan adquiridos “por comedores colectivos”.

Segundo explicou o titular do Executivo galego, esta será unha das medidas da Estratexia de prevención de perdas e loita contra o desperdicio alimentario en Galicia que porá en marcha o Goberno galego para reforzar o labor que xa se viña desenvolvendo neste eido desde a Xunta. Esta citada estratexia comezará a elaborarse neste 2026 e as diferentes accións que recolle desenvolveranse a curto-medio-longo prazo.

Esta iniciativa, da que tomou razón hoxe o Consello da Xunta a través dun informe da Consellería do Medio Rural, inclúe unha serie de medidas para controlar o desperdicio que se produce en todos os ámbitos da cadea alimentaria. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, afirmou que é unha iniciativa “de mercado carácter social” que “queremos situar no centro do debate público”. E engadiu que “evitar o desperdicio alimentario non implica producir menos, senón producir mellor: valorizar os produtos, outorgarlles valor engadido e aproveitar todo o seu potencial”. Deste xeito, e a través desta nova estratexia, búscase dar unha resposta transversal e coordinada ás diferentes actuacións para a redución do desperdicio alimentario en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Diagnose nos diferentes ámbitos

Tal e como abondou, Rueda, realizaranse enquisas, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o Instituto Galego de Estatística, para diagnosticar a dimensión das perdas e do desperdicio alimentario en Galicia nos ámbitos do sector primario, os fogares, a industria alimentaria, o sector HORECA e a distribución. Así mesmo, levaranse a cabo campañas de sensibilización, formación e concienciación e redactarase un Manifesto contra o desperdicio alimentario. Para as empresas que se adhiran a el, deseñárase unha imaxe que poidan incorporar como "selo" contra o desperdicio alimentario en Galicia.

Farase, así mesmo, unha distinción anual daquelas empresas e entidades en recoñecemento de boas prácticas en materia de desperdicio alimentario, en liña coa celebración do Día Internacional de Concienciación sobre a Perda e o Desperdicio de Alimentos, que a nivel mundial se determinou que fora o 29 de setembro de cada ano. Neste mesmo contexto, lanzarase unha iniciativa de elaboración de receitas de aproveitamento coa colaboración de restaurantes con cocinheiros de prestixio.

Todo isto irá acompañado da elaboración de distintos materiais informativos sobre a diferenza entre "Data de consumo preferente" e "Data de caducidade". Os datos recollen que se desperdicia máis dun 6 % dos produtos que compran nos fogares con base na data de consumo preferente, polo que se fai necesario incidir neste asunto, pois lograríase de xeito case inmediato reducir o desperdicio nesas cantidades.

Do mesmo xeito, estase xa preparando un documento de preguntas e respostas para atender as dúbidas relacionadas coa aplicación da normativa estatal, concretamente da Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario. En parecidos termos, elaboraranse guías e documentos para impulsar a redución do desperdicio en diferentes eidos. Toda esta información estará dispoñible dentro do portal da Consellería do Medio Rural.

Accións xa en marcha

Todas estas novas iniciativas súmanse ás que a Xunta de Galicia xa ten en marcha en diferentes departamentos. Entre elas, salientan as aplicadas en comedores colectivos, tanto escolares como doutros ámbitos, mediante o control de restos de comida co fin de reducir o desperdicio alimentario, a valoración do grao de aceptación das receitas do menú ou a instrución sobre a doazón da comida sobrante. De feito, cómpre destacar que o Hospital Universitario Lucus Augusti HULA de Lugo foi o primeiro en acadar a certificación "Desperdicio Alimentario Cero".

Tamén se aplican medidas semellantes nos comedores da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) e do Centro Galego de Tecnificación Deportiva. De maneira semellante, desde a Consellería de Política Social e Igualdade apóianse programas de entidades sociais destinados á redistribución de alimentos para evitar que rematen como residuos. A estas actuacións hai que engadir a publicación da Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cambio Climático ou, tamén, a sinatura dun convenio coa Confederación Galega de Empresarios de Hostalería e Turismo para executar medidas de redución de residuos.

Datos globais e a nivel España

É importante salientar que esta nova estratexia da Xunta enmárcase nas accións globais fronte ao desperdicio alimentario. Neste sentido, a conselleira lembrou que un estudo da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) concluíu que arredor dun terzo da produción mundial de alimentos "se perde ou se desperdicia".

De feito, en España tiráronse ao lixo en 2019 un total de 1.352 millóns de quilos de alimentos e bebidas. Isto supón aproximadamente o 4,7 % de todos os alimentos comprados. Así, tal e como sinalou o presidente, "unha familia media española desperdicia algo máis de 76 Kg/l de alimentos e bebidas ao ano", dito noutras palabras, cada persoa perde entre 150 e 400 € ao ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CETMAR CONSOLIDA O LIDERADO EUROPEO DE GALICIA NA ECONOMÍA AZUL, A SUSTENTABILIDADE MARIÑA E A COOPERACIÓN INTERNACIONAL

- O centro, que dependente da Consellería do Mar, afronta o seu 25 aniversario con 52 proxectos activos, un investimento superior aos 4,5 M€ e unha posición estratéxica nas principais políticas marítimas da UE
- Desde a súa creación, acometeu máis de 700 iniciativas en prol do coñecemento útil, a innovación e o desenvolvemento sostible do sector
- É o único organismo en Galicia cun departamento especializado na cooperación ao desenvolvemento en pesca, marisqueo e acuicultura con intervencións en África e América Latina

O Consello da Xunta deu conta do informe de balance dos 25 aniversario do Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación Cetmar-, organismo dependente da Consellería do Mar, que confirma a súa consolidación como un instrumento clave no desenvolvemento da economía azul, a sustentabilidade mariña, a innovación tecnolóxica e a gobernanza marítima non só en Galicia, senón tamén en España e en Europa.

Cun total de 52 proxectos en execución na actualidade, e máis de 700 desde a súa creación, así como os servizos financiados por programas europeos, organismos internacionais e administracións públicas, reafirmase como un referente na xestión sostible dos recursos mariños e no apoio ao desenvolvemento das comunidades costeiras.

O orzamento global asociado ás iniciativas xestionadas por este centro para 2026 ascende a 4.548.636 euros, o que reflicte a súa capacidade para captar financiamento competitivo e xerar coñecemento aplicado ao servizo das administracións públicas, da comunidade científica e dos sectores produtivos. Ao longo deste ano, e co gallo do seu 25 aniversario, desenvolverá un amplo programa de actividades institucionais, científicas e divulgativas.

O seu labor contribúe de maneira directa a fortalecer o seu papel como interlocutor técnico de referencia nos principais foros europeos relacionados coas políticas marítimas. Así, forma parte do European Marine Board, participa na rede Nor-Water para a detección e mitigación de contaminantes emerxentes e preside o Grupo Técnico de Expertos en Datos para a Ordenación Espacial Mariña da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea (DG MARE). Todo isto complementado con funcións de asesoramento en organismos europeos relacionados cos datos pesqueiros, a socioeconomía mariña e os mercados dos produtos da pesca e da acuicultura.

Entre as principais iniciativas desenvolvidas proxectos orientados á loita contra a contaminación mariña e á protección dos ecosistemas costeiros. Neste eido, coordina proxectos como Free-Litterat, centrado na redución dos residuos mariños e das artes de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pesca abandonadas; BlueWWater, destinado a combater a presenza de microplásticos e contaminantes emerxentes en augas fluviais e costeiras, e Protecma, unha plataforma tecnolóxica nacional que fortalece a capacidade de investigación e resposta fronte aos episodios de contaminación mariña.

Gobernanza dos océanos

A planificación espacial mariña e a gobernanza dos océanos constitúen outra das áreas estratéxicas de traballo da fundación. Neste ámbito, lidera o proxecto europeo Remap para o seguimento e avaliación dos plans de ordenación do espazo marítimo da Unión Europea, participa en iniciativas para integrar a biodiversidade na planificación mariña e desenvolve ferramentas que facilitan a toma de decisións sobre os usos do espazo marítimo e costeiro.

Apoio ao sector e cooperación internacional

Na liña marcada pola Consellería, a actividade do centro mantén ademais unha estreita vinculación cos sectores produtivos do mar en Galicia. Durante 2025 realizou proxectos impulsados pola consellería destinados a mellorar a sustentabilidade do marisqueo, optimizar o cultivo do mexillón, analizar a actividade das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e apoiar a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) nas zonas pesqueiras galegas. Así mesmo, participa activamente na elaboración do futuro Plan estratéxico do marisqueo de Galicia 2026-2031.

Outro dos fitos máis relevantes é a coordinación da Oficina Técnica da Estratexia de Economía Azul de Galicia. Asemade, a cooperación internacional continúa sendo un dos seus elementos diferenciais, pois é o único organismo galego que dispón dun departamento especializado en cooperación ao desenvolvemento centrada na pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Cunha traxectoria en países de África e América Latina, desenvolve programas de fortalecemento institucional, capacitación de comunidades pesqueiras, transferencia de coñecemento e promoción da sustentabilidade dos recursos mariños. Durante 2025 e 2026 destacan as actuacións desenvolvidas en Mozambique, Perú, São Tomé e Príncipe, Honduras, El Salvador e Namibia, así como a apertura de novas liñas de traballo en República Dominicana, Costa Rica e diversos países do Mediterráneo oriental.